

Concello de Mondariz

Expediente núm.: 664/2017

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Procedemento de Contratación

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista dos seguintes antecedentes:

- Acordo do Pleno da Deputación de Pontevedra de 24 de novembro de 2017 polo que se concede unha subvención ó concello de Mondariz ó abeiro da convocatoria de “Subvencións para investimentos en equipamentos e dotacións singulares na mellora do reequilibrio territorial dos servizos (Concellos de menos de 20.000 habitantes)” por importe de 423.969,92 para realización da actuación “DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS NOS CAMPOS MUNICIPAIS DE FUTBOL DE A LAGOA” distribuída nas seguintes anualidades:
 - o 2017/2018: 339.555,36 €
 - o 2019: 84.414,56 €
- Convenio de Colaboración ó abeiro da convocatoria de “subvencións para investimentos en equipamentos e dotacións singulares na mellora do reequilibrio territorial dos servizos (Concellos de menos de 20.000 habitantes)”.
- Resolución de Xunta de Goberno Local da Deputación de Pontevedra de 22 de maio de 2018 pola que se concede unha subvención ó Concello de Mondariz no PLAN CONCELLOS 2018/2019 LIÑA 1(INVESTIMENTOS) con destino ó financiamento da achega municipal ó convenio de colaboración para a execución do proxecto “DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS NOS CAMPOS MUNICIPAIS DE FUTBOL DE A LAGOA” por importe de 105.992,49 € distribuída nas seguintes anualidades:
 - o 2018: 52.996,25 €
 - o 2019: 52.996,24 €
- Decreto de Alcaldía nº 173 de 3 de abril de 2018 polo que se aproba o proxecto técnico denominado **DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS NOS CAMPOS MUNICIPAIS DE FÚTBOL DE A LAGOA.**

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS NOS CAMPOS MUNICIPAIS DE FUTBOL DE A LAGOA”			
Procedemento: aberto		Tramitación: ordinaria	Tipo de contrato: obras
Clasificación CPV: 45212200-8	Acepta renovación: Non	Revisión de prezos / fórmula: Non	Acepta variantes: Non
Orzamento base de licitación: 437.985,46€	Impostos: 91.976,95		Total: 529.962,41
Valor estimado do contrato: (1+2) 481.784,00 euros	Inicial (1): 437.985,46 €		10% exceso medicions(2): 43.798,54 €
prazo execución: 10 meses			
Garantía provisional: Non		Garantía definitiva: 5%	Garantía complementaria: Non

Vista a memoria xustificativa asinada polo órgano de contratación o 20 de xuño de 2018.

Visto informe de Intervención asinado o 20 de xuño respecto do órgano competente para levar a cabo a contratación obxecto deste expediente.



Concello de Mondariz

Visto informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable así como o procedemento a seguir respecto da presente contratación asinado en data 21 de xuño de 2018.

Visto o informe específico asinado polo órgano de contratación o 21 de xuño en cumprimento da Disposición adicional decimoquinta da Ley 9/2017 de Contratos do Sector Público relativo *as razóns polas que se considere necesario utilizar medios distintos dos electrónicos.*

Á vista da Resolución iniciando o expediente de 21 de xuño, e tendo en conta que os pregos de cláusulas administrativas particulares foron redactados polo servicio de asistencia a municipios da Deputación Provincial de Pontevedra e que o proxecto técnico será o pliego de prescricións técnicas que deben rexer o contrato e o proceso de adxudicación,

Visto que pola Intervención se ten certificado a existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato e informado sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto en data 21 de xuño de 2018.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade coa delegación de competencias acordada polo pleno en sesión extraordinaria de 12 de decembro de 2017 e coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación plurianual, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria para a execución da obra "DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS NOS CAMPOS MUNICIPAIS DE FUTBOL DE A LAGOA", por importe total de 529.962,41 €, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente á anualidade 2018 por importe de 392.551,61 € e con cargo á aplicación orzamentaria 342.61901, e plurianual 2019, supeditado para este último exercicio á existencia de crédito adecuado e suficiente, con arreglo á seguinte distribución por anualidades:

2018: 392.551,61 €

2019: 137.410,80 €

A presente contratación está financiada 100 por 100 pola Deputación de Pontevedra a través do Plan de Reequilibrio e do Plan Concellos 2018/2019.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e servindo como prego de Prescricións Técnicas o proxecto técnico aprobado mediante decreto nº 173 de 3 de abril, que rexerán o contrato.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas/proxecto.

SEXTO. Designar os membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

Presidente	Dº Diego Lugilde López. Funcionario do Concello de Mondariz
Vogais	Dª Yolanda Ortega Otero. Secretaria-Interventora do Concello de Mondariz. Dº José Javier Delgado Fernández. Técnico de Contabilidade.



Concello de Mondariz

	Dº Constante Fernández Blanco. Funcionario do Concello de Mondariz.
Secretario	Dº María del Carmen Blanco Fernández. Funcionaria do Concello de Mondariz.

SÉTIMO. Solicitar ó departamento de asistencia a municipios da deputación de Pontevedra a designación dun experto que poida asesorar e informar á mesa de Contratación para valorar os criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor e publicar o seu nomeamento no perfil de contratante:

En Mondariz a 21 de xuño de 2018.

O ALCALDE

A SECRETARIA

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE)

